

**Peregrinación a Compostela na orixe do teatro portugués:
a carruaxe do Apóstolo Santiago e o rei D. Manuel en escena anta e Corte portuguesa
(Lisboa, 1502)**

M. Isabel Morán Cabanas
(Universidade de Santiago de Compostela)

Resumo.-

Preténdese deixar constancia do impacto da peregrinación a Santiago de Compostela no espectáculo (pre)teatral portugués através dunha análise literaria, social e histórica dunha peza datada en 1502 e recollida no *Cancioneiro Geral*, primeira compilación poética editada en Portugal. Trata-se de un estudo completamente innovador dos versos destinados ao canto e abertos coa invocación de “*Santiago por nós ora*” que Pero de Sousa Ribeiro, membro do Consello do rei D. Manuel, criou para un espectáculo designado como “sengular momo em Santos”. Enténdase aquí como *momo* unha escenificación cortesá de transición entre finais da Idade Media e inicios do Renacemento e localícese Santos no lugar de Paços de Santos-o-Velho (Lisboa), onde o esperaba a raíña (a súa segunda esposa D. María, filla dos Reis Católicos) e onde foi recibido con todas as honras e festas despois de ter culminado a súa viaxe a Compostela.

Alí realizouse a representación, coa imaxe do Apóstolo nun carro luxosamente ornamentado. Na verdade, ese lugar sitúase nunha das principais entradas de Lisboa e constituiu, á beira do río Texo / Tejo, unha das residencias de verán máis privilexiadas da familia real (lembre-se que nela se estreou o *Auto da Fama*, do célebre dramaturgo Gil Vicente). A pesar da espectacularidade do acontecemento e de que tamén aparece relatado, por exemplo, na crónica do humanista portugués Damián de Góis, quen, máis tarde, peregrinará igualmente a Santiago, sorprende que ninguém, até agora, se teña ocupado de tal texto, cuxas potencialidades para o estudo interdisciplinar da peregrinación a Compostela son extraordinariamente ricas e subliñan as relacións entre os patrimonios materiais e inmateriais de Compostela e Lisboa.

Pretendemos agora deternos nel desde diversas perspectivas: literaria, sociolóxica, histórico-haxiográfica (o nome Santos remete precisamente para o mosteiro coas reliquias dos Mártires de Lisboa: Júlia, Veríssimo e Máximo, con elementos arquitectónico-monumentais que parten do primerio rei, D. Afonso Henriques vinculacións á Orde de Santiago). Por outro lado, no tocante ás motivación de D. Manuel, encontramos a peregrinación xacobeá ligada ás viaxes ultramarinas á Índia.

Proposta científica (antecedentes, estado actual, hipóteses de partida, obxectos, metodoloxía e cronograma) – máx. 10.000 caracteres.

Na nosa traxectoria investigadora, temos abordado o *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende, primeira compilación poética profana editada en Portugal, con especial cuidado gráfico e baixo a responsabilidade do impresor alemán Hermão de Campos, como un documento-monumento erigido sobre a vida palaciana, produto do mecenado rexio e instrumento de propaganda sociopolítica. Témonos detido particularmente en aspectos como os seguintes: a) o léxico-semántico (por exemplo, o da moda e vestimenta en *Traje, gentileza e poesia*); b) o sociolóxico (sobre todo o de espectáculo en *Festa teatralidade e escrita* ou na contribución ao *O teatro medieval e seus congéneres desde Santiago de Compostela, sécs. XII-XIII*, de M. do A. Tavares Maleval, coordinadora da Cátedra de Estudos Galegos na UERJ); c) o temático (sátira á muller, partida, morte, fama...); d) o histórico-biográfico (mitificación dos galegos Macías o Namorado e Inês de Castro, ao lado de figuras portuguesas); e) o entroncamento coa lírica galego-portuguesa e a castelá do século XV.

Alén de libros, os citados traballos foron divulgados en artigos científicos e capítulos de volumes colectivos, que poderán contribuír para unha mellor contextualización do asunto a desenvolver no proxecto e confirmar e garantir o seu interese. E aínda con respecto a Compostela, témonos aproximado do seu protagonismo na lírica galego-portuguesa, entre outras publicacións, con obras que trazan roteiros como *O amor que levei de Santiago; O caminho poético de Santiago*; capítulos sobre “literatura compostelana ou santiaguesa” de *É perigoso sintetizar a Idade Média*, dedicado á obra do Padre Mário Martins, estudioso de temas literarios vinculados a Santiago; ou o *website* roteiroliricamedieval.gal.

Porén, nin o texto do *Cancioneiro Geral* alusivo á peregrinación a Compostela nin os primordios do teatro en Portugal en forma de *momos* e *entremeses* relativos á escenificación en carruaxe do Apóstolo (con canto e versos) teñen sido obxecto de estudo até agora. Tal lagoa preténdese salvar co noso proxecto a partir das pertinentes consultas bibliográficas de obras xa clásicas de especialistas e traballos de máis recente publicacións sobre os aspectos concretos que abaixo enumeramos. Será necesaria unha recolla pormenorizada nese sentido que complete a base de que partimos para a análise interdisciplinar da peza cuxa rúbrica di:

VILANCETE QUE FEZ PERO DE
SOUSA, QUANDO EL-REI NOSSO
SENHOR VEO DE SANTIAGO,
QUE FEZ O SENGULAR MOMO
EM SANTOS, O QUAL VILANCETE
IAM CANTANDO

DIANTE DO ENTREMES
E CARRO EM QUE IA SANTIAGO

Tendo en conta o exposto, cabe establecer un cronograma marcado por obxectivos a cumprir a través das seguintes tarefas:

1. Revisitación das entradas triunfais dos monarcas en Lisboa, reparando na súa espectacularidade / teatralidade con carruaxes e imaxes, deténdonos na de D. Manuel (o Venturoso ou Afortunado) procedente de Santiago de Compostela, en cuxo reinado brillaran especialmente (obxectivo xeral, 1º mes);

2. Identificación do autor Pero de Sousa Ribeiro a partir da documentación e da súa colaboración na colectánea poética portuguesa, onde aparece representado con varios poemas sobre temas variados (obxectivo xeral, 1º mes);

3. Identificación doutros poetas colaboradores do *Cancioneiro Geral* que acompañaron incognitamente o monarca na súa viaxe, entre outros, D. Pedro, bispo da Guarda e prior de Santa Cruz de Coimbra; D. Diogo Lobo, barón de Alvito; D. Martinho de Castel-Branco e D. Fernando, segundo marqués de Vila Real, a quen ordenou “fingir” que era o propio rei para esconder a súa identidade a camiño de Galiza (obxectivo xeral, 1º mes).

4. Fixación e edición do texto (pre)teatral relativo á chegada do rei D. Manuel de Compostela con criterios de rigor filolóxico e notas explicativas (obxectivo específico, 2º mes).

5. Cotexo entre os versos do *Cancioneiro Geral* e a *Crónica del felicissimo rei D. Manuel*, de Damião de Góis (cap. XLVII, “De como o rei foi incógnito em peregrinação à Galiza visitar a catedral do apóstolo Santiago”, onde se informa da ida, da súa estadía durante tres días na cidade e do seu regreso a Lisboa con recepción triunfal), así como *Da vida e feitos d’el rei D. Manoel*, de Jerónimo Osório, que segue de cerca de anterior (obxectivo específico, 2º e 3º mes)

6. Cotexo con outra documentación variada alusiva á peregrinación do monarca, a diferentes detalles do percurso e a presentes realizados (entre os que sobresaí unha célebre lámpara de prata para a Catedral ou a esfera armilar para a Morada Rexia de Valença) (obxectivo específico, 2º e 3º mes);

7. Procura de información / documentación en letra e imaxe sobre os Paços de Santos-o-Velho como espazo cultural que pasou de mosteiro a residencia real en datos e imaxes, así como local de casamento do rei peregrino D. Manuel coa citada D. Isabel, e revisitación das obras de transformación polo célebre arquitecto João de Castillo (obxectivo específico, 2º e 3º mes);

8. Debate documentado a partir de crónicas e outros escritos sobre as razóns que motivarían a vistia do rei D. Manuel ao Apóstolo en Compostela a partir de comentários que referen a súa realización como una forma de agradecemento por ter chegado ás terras afastadas da Índia: “as boas andanças e o sucesso destas viagens marítimas à Índia [...] o rei se propôs ir a Galiza, à catedral do Apóstolo Santiago, situada na cidade de Compostela” (cap. LIV da *Crónica do Felicíssimo Rei D. Manuel*, de Damião de Góis) (obxectivo específico, 2º e 3º mes).

O CEIL-*Centro de Estudos sobre o Imaginário Literário*, da Universidade Nova de Lisboa, a Universidade Aberta, a Universidade Católica Portuguesa, a Universidade do Porto ou a Biblioteca Nacional de Lisboa son centros que serán frecuentados previsiblemente durante o desenvolvemento do proxecto. Entre outros especialistas en estudos medievais e con vasta experiencia en abordaxes interdisciplinarias de viaxes medievais e renacentistas desde o triple punto de vista histórico, literario e artístico, colaboraremos coa prof. doutora Isabel Barros Dias, da Universidade Aberta. Ela é orientadora, por exemplo, da moi recente investigación “D. Manuel – O homem *real* e o herói *construído*”, organizadora do último congreso da Asociación Hispánica de Literatura Medieval-Sección Portuguesa en Santarém e coordinadora do volume *O Medievalismo no século XXI* (2019).

Entre os posíbeis medios de divulgación dos resultados con todos as referencias ou logótipos esixidos, tal como se esixe nas bases da convocatória, debemos citar, en primeir lugar, a participación nas xornadas *Investigando coa Cátedra do Camiño* ou similares dentro e fóra de Galiza (nomeadamente en universidades e centros de investigación de Portugal e no Brasil vinculados tanto ao estudo das Linguas e Literaturas como das Letras). Partindo dunha base firme nas liñas de pesquisa que debemos seguir e da confianza no interese do proxecto, pretendemos levar a cabo todas as pesquisas necesarias durante o breve período de tres meses indicado tamén na convocatoria (setembro, outubro e novembro) e dar os principais pasos de preparación para a súa futura publicación a través dunha editora de prestixio internacional e / ou revista(s) científica(s) nunha das linguas ibéricas e/ou inglés que privilexien as abordaxes comparativas, transnacionais e globais. Aí pretendemos incluír a edición de texto e notas, o estudo da peza nos termos detalladamente indicados arriba e algúns apéndices con imaxes e textos “narrativos” complementarios sobre o acontecemento versificado no *Cancioneiro Geral*. O proxecto será divulgado e seguido, vía on line, tanto pola AHLM-Asociación Hispánica de Literatura Medieval (na sección española e na sección portuguesa) como pola ABREM-Associação Brasileira de Estudos Medievais.